

RESOLUCIÓN REITORAL, DO 29 DE XANEIRO DE 2019, POLA QUE SE CONVOCA UN CURSO BÁSICO DE LINGUAXE SANITARIA PARA O 2.º CUADRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2018/2019

A Universidade de Vigo publica a convocatoria dun curso de lingua galega, que se impartirá no mes de marzo, organizado e xestionado pola Área de Normalización Lingüística.

Denominación: Curso básico de linguaxe sanitaria

Datas de celebración: marzo de 2019

Lugar de celebración: Escola Universitaria de Enfermaría de Pontevedra

Duración do obradoiro: 10 horas

Coordinación académica

O director da Área de Normalización Lingüística

Número de participantes por grupo

Establécese un número mínimo de 10 persoas preinscritas; de non se acadar ese número, o curso poderá anularse, e así se lles notificará ás persoas preinscritas. O número máximo de prazas é de 20.

Consignación orzamentaria

Os gastos derivados da impartición da docencia e da elaboración dos materiais didácticos e docentes imputaranse na partida orzamentaria de Normalización Lingüística 2019 0000 421SNLI 226.06.

Prazo de inscrición

Do 4 ao 22 de febreiro de 2019 a través da plataforma Bubela (www.apv.uvigo.es/bubela). Así mesmo, o citado prazo pecharase a medida que se cubran as prazas por rigorosa orde de preinscrición.



Matrícula

A matrícula será gratuíta.

Avaliación

Cómpre asistir ao 85 % das clases, ademais de aprobar o sistema de avaliación establecido.

Diploma

No diploma acreditativo constará o nome do curso, modalidade de impartición, duración e programa.

Créditos

O curso estará recoñecido con 0,3 créditos ECTS.¹

A vicerreitora de Comunicación e
Relacións Institucionais

Por delegación (RR 21/06/2018)



Mónica Valderrama Santomé

Dilixencia para facer constar que esta resolución se publica con esta data no rexistro desta universidade.

Vigo, 29 de xaneiro de 2019

A secretaria da Vicerreitoría de
Comunicación e Relacións Institucionais

María Calle Sierra

¹Pendente da autorización pola Comisión de Organización Académica e Profesorado.

